



POLÍTICA ANTICORRUPCIÓN DO GRUPO

EUSKALTEL

INTRODUCCIÓN	2
1.- OBJETO	3
2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN	3
3.- APROBACIÓN, SEGUIMIENTO E REVISIÓN	3
4.- POLÍTICA	4
4.1.- DEFINICIÓN DE SUBORNO E CORRUPCIÓN	4
4.2.- ÁREAS DE RISCO PARA O GRUPO	5
4.3.- RISCOS EN PARTICULAR	5
4.3.1.- Pagos de facilitación	5
4.3.2.- Subornos	6
☒ Agasallos, obsequios e atencions	6
4.3.4.- Provedores	7
4.3.5.- Patrocinios e colaboracións	8
4.3.6.- Rexistros contables	9
4.3.7.- Tratos de favor e conflitos de interese	9
4.3.8.- Prácticas antitrust	10
5.- CANLE ÉTICA	11
6.- RÉXIME DISCIPLINARIO	11



INTRODUCCIÓN

O Grupo Euskaltel, definido como as sociedades que forman parte do Grupo cuxa entidade dominante no sentido da lei é Euskaltel S.A., rexeita expresamente todo tipo de corrupción e está comprometido coa prevención, disuasión e detección do suborno e a corrupción.

Este documento, que forma parte do Sistema de Goberno Corporativo do Grupo Euskaltel, establece unha Política anticorrupción e antisoborno como ferramenta para promover o cumprimento da legalidade en materia anticorrupción por parte de todo o Grupo, desenvolvendo o valor da honestidade incluído no Código Ético do Grupo fronte a calquera forma de suborno ou corrupción.

Esta política toma referencias internacionais sobre responsabilidade das empresas e políticas anticorrupción tales como as da OCDE, a Convención das Nacións Unidas contra a Corrupción (CNUCC), a Lei de Estados Unidos Contra Prácticas Corruptas no Estranxeiro (*Foreign Corrupt Practices Act*, FCPA polas súas siglas en inglés) ou a Lei antisoborno do Reino Unido (*Bribery Act*). Sen prexuízo das devanditas referencias, este documento baséase no Código Penal español, que prohíbe condutas relacionadas co suborno e a corrupción e, en particular, tras unha das súas últimas reformas, recollida na LO 1/2015, de 30 marzo, ordena os delitos de corrupción, reforza a súa punición no ámbito da Administración pública e, para acomodarse a directrices de instancias supranacionais, especialmente da Unión Europea, inclúe a figura da corrupción entre particulares.

Así, e sobre a base de tales referencias, a través do Código Ético do Grupo Euskaltel e desta e outras normativas e políticas, desenvólvense ferramentas de prevención que fomentan unha cultura de cumprimento normativo no Grupo Euskaltel, que esixe cumprir non só coa legalidade externa aplicable, senón cos principios éticos máis elevados en todo momento.

Fomentar esta cultura de cumprimento leva a obrigación de recoñecer que tanto a conduta dos Conselleiros como a de cada un dos Profesionais do Grupo Euskaltel, entendidos como as persoas que desenvolven a súa actividade profesional nas empresas do Grupo Euskaltel, afectará ao Grupo e á súa reputación e que, en todas as actividades de todas e cada unha das empresas do Grupo, se deberá cumprir a Política contida neste documento.



1.- OBJECTO

O obxecto da presente Política é establecer as pautas de comportamento en canto ao necesario cumprimento da legalidade externa e as normas ás que o Grupo Euskaltel se someteu voluntariamente en materia de suborno e outras formas de corrupción.

2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

O presente documento resulta de aplicación e obrigado cumprimento para os membros do Consello de Administración de Euskaltel S.A. como sociedade dominante do Grupo Euskaltel aos efectos da lei, así como para as persoas que desenvolven a súa actividade profesional no Grupo Euskaltel, con independencia da súa responsabilidade organizativa, da súa localización xeográfica ou funcional e da sociedade do Grupo Euskaltel para a que directamente presten os seus servizos (en diante, Profesional/ais).

Así mesmo, resulta de aplicación a aqueles terceiros que fornezan calquera tipo de bens e/ou produtos, ou presten servizos para o Grupo Euskaltel, ou que, de calquera forma, actúen por conta do mesmo, tales como provedores, empresas subcontratadas e/ou profesionais independentes, con independencia do obxecto dos servizos prestados e do territorio no que desenvolvan a súa actividade (en diante, Proveedor/es). O Grupo Euskaltel trasladará para a súa aceptación e cumprimento esta Política aos seus Provedores.

O Grupo Euskaltel proporcionará aos destinatarios desta Política a comunicación e formación periódica adecuada sobre o seu alcance e aplicación.

En diante, neste documento ao conxunto de todos os destinatarios desta Política denominaráselles conxuntamente “Suxeitos Obrigados”.

3.- APROBACIÓN, SEGUIMIENTO E REVISIÓN

Esta Política entrará en vigor a partir da data da súa aprobación polo Consello de Administración.

O seu contido e aplicación serán obxecto de seguimento e revisións periódicas polo Responsable de Cumprimento Normativo, levándose a cabo as modificacións e melloras que se considere oportuno realizar en cada momento e que deberán ser, igualmente, aprobadas polo Consello de Administración.



4.- POLÍTICA

O Grupo Euskaltel declara expresamente e de forma indiscutible que non tolerará ningún tipo de corrupción ou suborno, governamental ou comercial, de calquera grao ou nivel, e que prohíbe a corrupción e o suborno en calquera das súas formas, ben sexa realizada de forma directa, ou indirecta a través de terceiros.

4.1.- DEFINICIÓN DE SUBORNO E CORRUPCIÓN

Non existe un concepto unívoco de suborno e de corrupción, polo que sinalamos a continuación a listaxe de condutas que o Código Penal español tipifica como delitos relacionados con estes conceptos, tales como:

- o suborno (activo) e a extorsión (suborno pasivo), tanto de funcionarios como no sector privado;
- o suborno de funcionario, a malversación e a apropiación indebida;
- o tráfico de influencias; as fraudes e as negociacións e actividades prohibidas a funcionarios públicos;
- o abuso de funcións de funcionarios e de privados;
- os pagos para obter vantaxes competitivas;
- o financiamento ilegal de partidos políticos;
- as manipulacións e fraudes urbanísticas e contra a ordenación do territorio;
- e o branqueo de capital e as falsidades documentais.

Non obstante o anterior, aos efectos desta política, entenderemos por:

- **Suborno**, todo ofrecemento, promesa, dación, acordo, aceptación ou solicitude de vantaxes como un incentivo para unha acción ilegal ou como un abuso de confianza, e por
- **Corrupción**, toda desviación dun poder de actuación en interese particular para conseguir unha vantaxe indebida, patrimonial ou doutro tipo, a favor de quen a comete, ou na doutro, entre as que pode incluírse unha sociedade do Grupo Euskaltel. Abarca tanto a corrupción pública como a privada ou entre particulares.

As condutas relacionadas co suborno e a corrupción, tanto no sector público como no privado, **son delitos segundo establece o Código Penal**, e a eles impónlles graves sancións penais,



tanto para as persoas físicas como para as xurídicas. No caso das persoas xurídicas, as responsabilidades esixíranse por feitos delituosos cometidos en beneficio daquelas por persoas físicas que sexan representantes legais das mesmas, ou ben porque a persoa xurídica incumpriña gravemente os deberes de supervisión, vixilancia e control da actividade da persoa física que cometeu o delito.

4.2.- ÁREAS DE RISCO PARA O GRUPO

O Grupo Euskaltel levou a cabo unha avaliación dos riscos de suborno e/ou corrupción en todos os aspectos dos seus negocios e operacións, e identificou as seguintes áreas como vulnerables:

- Pagos de facilitación
- Subornos
- Pagos indebidos e agasallos
- Provedores
- Patrocinios e colaboracións
- Rexistros contables
- Tratos de favor e conflitos de interese
- Prácticas antitrust

Esta lista non é exhaustiva e todos os Suxeitos Obrigados deben ter en conta o principio xeral contra a corrupción e o suborno que sustenta esta Política en todas as súas condutas e relacións que afecten ao Grupo Euskaltel ante situacións non recollidas en dita lista.

Esta avaliación de riscos será obxecto de revisión e análise periodicamente, e actualizarase en consecuencia, á luz de calquera cambio de circunstancias, someténdose a aprobación do Consello as modificacións expostas.

4.3.- RISCOS EN PARTICULAR

4.3.1.- Pagos de facilitación

O Grupo prohíbe os pagos de facilitación ou de aceleración.

Os pagos de facilitación son pagos pequenos, non oficiais e impropios, que se fan a un funcionario público para obter ou axilizar o desempeño dunha acción de rutina ou necesaria á cal ten dereito o que realiza o pago de facilitación como a expedición de permisos, licenzas, autorizacións administrativas ou inspeccións asociadas á execución dun contrato.

O pago ofrecido ou solicitado pode ser pequeno, pero aínda así será un suborno, a menos que, expresamente e por escrito, estea permitido ou requirido por lei.

Aos efectos anteriores, inclúese no concepto de “funcionario público” a calquera persoa que traballe para, ou represente a, calquera organización governamental internacional, estatal ou



local, e calquera persoa que traballe para unha empresa pública participada por un goberno estatal ou local.

4.3.2.- Subornos

Definido anteriormente o seu concepto, o Grupo Euskaltel declara estar comprometido cos máis altos estándares de integridade nos negocios e operará de forma transparente e xusta nas súas relacións comerciais.

O Grupo prohíbe calquera pago a calquera destinatario para conseguir negocios ou influír nunha decisión empresarial a favor de calquera das sociedades do Grupo.

A contratación é unha das funcións operativas de maior vulnerabilidade para os subornos, e xa que para o desenvolvemento das actividades do Grupo Euskaltel é frecuente contar coa intervención de asesores externos, axentes e/ou intermediarios, o Grupo Euskaltel comprométese a que todos eles serán contratados garantindo a equidade na súa selección e a honestidade e integridade nas relacións comerciais derivadas da súa contratación. Deste xeito, o pago de honorarios a calquera deles non será ilegal sempre que non supoña ningún tipo de incentivo para actuar de maneira incorrecta.

4.3.3.- Agasallos, obsequios e atencións

Os Conselleiros e os Profesionais do Grupo Euskaltel non deben solicitar nin ofrecer a terceiros, nin recibir de terceiros, incluíndo entre tales terceiros, con carácter enunciativo e non limitativo, tanto a clientes como provedores e/ou Administracións Públicas, agasallos, obsequios e/ou atencións que poidan alterar a súa imparcialidade, afectar á súa obxectividade ou influír sobre eles nunha relación comercial profesional.

A entrega de agasallos, obsequios ou atencións nunca poderá ser utilizada para obter vantaxes indebidas ou como subterfuxio para transaccións ilegais, debendo axustarse en todo caso ao principio de proporcionalidade e aos usos habituais.

Na medida en que os clientes ou provedores do Grupo Euskaltel poidan ter normas propias que difiran do contido desta Política, iso deberá ser tido en conta aos efectos de evitar danos para a reputación de terceiros.

Aos efectos desta Política, admitiranse os gastos razoables de desprazamento, aloxamento e manutención derivados de invitacións ás empresas do Grupo Euskaltel a actos promocionais



de negocio asumidos pola empresa organizadora cando os mesmos non se realicen con carácter individual, senón dirixidos a un grupo de clientes ou potenciais clientes e sexan acordados aos usos empresariais habituais.

De igual forma, aos efectos desta Política admitiranse as invitacións realizadas nos termos do parágrafo anterior polas empresas do Grupo Euskaltel a clientes ou potenciais clientes a actos promocionais de negocio ou a xornadas formativas.

Considerarase normal e aceptable, coa condición de que non exista a intención de distorsionar o curso das operacións comerciais normais, que os Suxeitos Obrigados poidan, no curso normal dos negocios, asistir a conferencias, reunións, eventos de arte ou deportivos e/ou eventos de patrocinio corporativos, cuxos fins sexan fomentar as boas relacións e contactos entre as empresas do Grupo e os seus contactos de negocios. De igual forma considerase normal e aceptable que as empresas do Grupo Euskaltel poidan, no curso normal dos negocios, convidar a provedores e clientes a asistir a conferencias, reunións, eventos de arte ou deportivos e eventos de patrocinio corporativos, cuxos fins sexan fomentar as boas relacións e contactos entre as empresas do Grupo e os seus contactos de negocios.

Ante calquera situación de dúbida sobre o que é aceptable, a oferta deberá ser rexeitada, ou no seu caso, consultada ao seu superior inmediato dentro da organización, ao Responsable de Cumprimento Normativo (Compliance Officer) ou a través da Canle Ética. Ante unha eventual imposibilidade de rexeitar un agasallo, obsequio ou atención, notificarase o feito ao Responsable de Cumprimento Normativo (Compliance Officer), que informará puntualmente á Comisión de Cumprimento Normativo.

4.3.4.- Provedores

Na medida na que puidesen derivarse responsabilidades para as sociedades do Grupo Euskaltel polos actos ou omisións cometidas por persoas ou empresas coas que manteña relacións comerciais, o Grupo esixirá aos seus provedores e potenciais provedores o estrito cumprimento da lexislación que lles resulte de aplicación.

O Grupo Euskaltel analiza a situación legal e financeira dos seus provedores e dotarase de procedementos adecuados para o exame da súa traxectoria en materia de corrupción como medida de protección do risco que se asocia con pagos ilegais ou corruptos.

As empresas do Grupo Euskaltel non manterán relacións comerciais nin contratarán con persoas nin empresas que puidesen presentar riscos de suborno ou en canto ao cumprimento da lexislación anticorrupción e/ou á presente Política.

Co fin de determinar que terceiros poden presentar tales riscos, o Grupo terá en conta nos seus procedementos a seguinte lista, non exhaustiva, de alertas:



- Negocios ou proposta de negocios en materias e países con antecedentes de suborno e corrupción (con referencia ao Índice de Percepción de Corrupción de “*Transparencia Internacional*”, organización global da sociedade civil que lidera a loita contra a corrupción no mundo);
- Unha política antisuborno pobre ou inexistente, ou a renuncia a cooperar con calquera petición ou pregunta realizada ao terceiro;
- Rexistros deficientes ou inexistentes de vixilancia do cumprimento da súa propia política antisuborno;
- Amplo uso de terceiros axentes e intermediarios, sobre todo en materias con antecedentes de suborno e corrupción;
- Un cliente ou un funcionario do Goberno que solicite o uso dun axente ou intermediario específico ou;
- Pagos estraños ou contas inexplicables nos rexistros financeiros (se están dispoñibles para a súa revisión);
- Rumores ou denuncias de prácticas inapropiadas ou solicitudes de subornos;
- Documentación falsa ou enganosa;
- Noticias de prensa adversas sobre relacións comerciais; e
- Evidencias de agasallos ou gastos extravagantes.

Os Suxeitos Obrigados deberán velar polo cumprimento desta Política polos terceiros baixo a súa supervisión, e informar sobre calquera sospeita de incumprimento das obrigacións contractuais ou de condutas ilegais.

4.3.5.- Patrocinios e colaboracións

O compromiso do Grupo Euskaltel coa sociedade de cada un dos territorios nos que presta os seus servizos concrétese, entre outras actuacións, no desenvolvemento de patrocinios e colaboracións.

Os patrocinios e/ou colaboracións non deben ser realizados por, ou en nome de, ningunha sociedade do Grupo, cando sexan, ou poidan ser dalgún modo, interpretados como un medio de compra de influencias en relación con calquera situación que poida ter impacto nas actividades e negocios do Grupo Euskaltel.

Os patrocinios por, ou en nome de, calquera das empresas do Grupo Euskaltel poderán efectuarse unicamente por razóns de relacións públicas de beneficencia ou de boa fe, e non se farán en circunstancias nas que haxa ou poida haber calquera consecuencia de influencia indebida.

Os patrocinios só deben ofrecerse se son compatibles con criterios de selección obxectivos, razoables e transparentes.



Calquera patrocinio ou colaboración efectuada por, ou en nome de, calquera empresa do Grupo non poderá realizarse sen a previa aprobación segundo os procedementos internos establecidos en cada unha das empresas do Grupo.

4.3.6.- Rexistros contables

Entre os Principios Básicos de actuación do Grupo Euskaltel está o de elaborar a súa información económico-financeira de maneira fiable con base nos principios de existencia e ocorrencia das transaccións e integridade da información.

Aos efectos de prever a realización de subornos, os libros contables das empresas do Grupo transmitirán en todo momento unha información veraz, completa e fiel das actividades realizadas, prohibíndose expresamente a inclusión de irregularidades e/ou anotacións falsas nos rexistros ou informes contables para fins fraudulentos.

O Grupo Euskaltel prohibe o establecemento de contas que non estean rexistradas nos libros oficiais, o rexistro de gastos non existentes ou o uso de documentos falsos.

O Grupo Euskaltel basea cada operación económica realizada en documentación adecuada e comprobable, e conserva toda a documentación utilizada para elaborar os estados financeiros durante o tempo legalmente establecido.

4.3.7.- Tratos de favor e conflitos de interese

O Grupo Euskaltel prohibe utilizar posicións de poder en calquera das empresas do Grupo para obter vantaxes para familiares e/ou achegados como pago por favores realizados a un terceiro.

Tanto os Conselleiros como os Profesionais do Grupo están obrigados a dar prioridade aos intereses do Grupo fronte a intereses persoais ou de terceiros que puidesen influír nas súas decisións, estando prohibido expresamente utilizar as relacións comerciais derivadas do Grupo Euskaltel en beneficio propio e/ou de familiares ou terceiros achegados.

EXEMPLOS:

1. Os agasallos, os beneficios e a hospitalidade recibida poderían derivar en conflitos de intereses se estes fixesen sentir aos seus destinatarios a obrigaón de correspondelos outorgando vantaxes indebidas que non fosen o mellor para o Grupo Euskaltel.
2. Os investimentos financeiros poden derivar en conflitos de intereses cando quen os realizou puidese favorecer as relacións comerciais con empresas nas que investiu. Por exemplo, poderían favorecer a un socio comercial particular que fose dono dun número considerable de accións por encima doutros provedores máis cualificados durante unha licitación.



3. Dar emprego a familiares ou achegados pode levar a conflitos de intereses cando se puidese favorecer a familiares ou coñecidos próximos por encima doutras persoas máis cualificadas porque o senten como unha obrigaón moral.
4. A contratación de funcionarios públicos pode derivar en conflitos de intereses. Aínda que as empresas poden beneficiarse lexitimamente da experiencia e o coñecemento de ex funcionarios e de actuais funcionarios públicos, a súa contratación debe ser supervisada estreitamente.

4.3.8.- Prácticas antitrust

O Grupo Euskaltel prohíbe as prácticas antitrust (contrarias á competencia) en forma de acordos e prácticas comerciais que restrinxan a competencia, ben sexan horizontais (entre competidores do mesmo nivel da cadea de subministración, fixando prezos ou limitando a produción) ou verticais (por exemplo, entre un fabricante e un distribuidor), ou en forma de abusos de posición dominante.

O Grupo rexeita calquera actuación que supoña o exercicio de prácticas de competencia desleal, comportamentos anticompetitivos, así como acordos de fixación de prezos ou condicións que afecten aos mercados entre empresas competidoras.

O Grupo Euskaltel prohíbe expresamente aquelas actuacións tendentes a facilitar situacións de monopolo do mercado e/ou de limitación da libre competencia.



5.- CANLE ÉTICA

No caso de dúbida sobre esta Política e/ou ante supostos derivados da mesma, os Profesionais deben dirixir unha consulta ao seu superior dentro da organización, ao Responsable de Cumprimento Normativo (Compliance Officer) ou a través da Canle Ética establecida en cada unha das compañías que integran o Grupo. Os Provedores poderán realizalo a través da Canle Ética ou ben poderán dirixirse ao seu interlocutor en Euskaltel, quen dará trámite á dúbida ou consulta.

Os Profesionais e Provedores deberán comunicar aqueles comportamentos ilícitos ou que, de calquera forma, puidesen constituír un incumprimento desta Política a través da Canle Ética.

6.- RÉXIME DISCIPLINARIO

O incumprimento desta Política, debidamente acreditado e cualificado, pode ter como consecuencia a esixencia de responsabilidades e/ou sancións derivadas da lexislación aplicable, da normativa incluída no Sistema de Goberno Corporativo do Grupo Euskaltel e/ou, de existir, do Réxime Disciplinario establecido no Convenio de Empresa correspondente.